

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

PERMANENTES DO DÍA 29 DE XANEIRO DE 2008

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e nove de xaneiro de 2008, reúnense simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva da acta da sesión extraordinaria da Corporación municipal de data 13 de xullo de 2007.

A) Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.

Asistentes:

- Presidente: Don Francisco Javier Varela Tejedor, do PSdeG-PSOE.
- Don Felipe Andreu Barallobre, do PP.
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona Mª Irache Enríquez Albaina, interventora municipal.

B) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.

Asistentes:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE.
- Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.
- Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

C) Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá.

Asistentes:

- Presidente: Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE.
- Dona Goretti Pérez Eléxpuru, do PP.
- Dona Gumersinda Becerra Montes, do BNG.
- Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

Faise constar que asisten, ademais, os seguintes membros dos grupos municipais: dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; e dona Laura Fernández Martínez, do BNG.

Actúa como secretaria dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria da Corporación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR, FACENDA
E PROMOCIÓN ECONÓMICA**

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria de 27 de novembro, extraordinaria de 19 de decembro e ordinaria de 26 de decembro

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria de 27 de novembro, extraordinaria de 19 de decembro e ordinaria de 26 de decembro.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos cinco membros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

2º Expediente de modificación de crédito por crédito extraordinario nº 1/2008

Dada conta da proposta do concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego de data 24 de xaneiro actual.

Don José Venancio Salcines Cristal expón que por Resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de data 17 de decembro de 2007 acordouse ceder en propiedade ao Concello de Cambre, un vehículo especialmente preparado para misións de protección civil, non obstante o concello debe asumir os gastos de matriculación e outros, por un importe de 4.665 €. Como non hai crédito dispoñible na partida oportuna, é polo que agora se trae para a súa aprobación o expediente de crédito extraordinario, para dotar de saldo á partida, e detráese da partida correspondente ao Consorcio As Mariñas, onde a cantidade consignada foi maior.

Don José Antonio Baamonde López, concelleiro do PP, pregunta cando van entregar o vehículo.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que cando se pague.

O Sr. alcalde engade que é un todoterreo, un pouco máis grande que o vehículo que mandaron para a policía.

Don Luis Miguel Taibo Casás, concelleiro de EU-IU, pregunta a que é debido que haxa tanto diñeiro para o Consorcio.

A Sra. interventora contesta que cando se elaboraron os orzamentos do 2007, a consignación se fixo con base aos orzamentos aprobados polo Consorcio. Agora estamos no 2008 cos orzamentos prorrogados, polo que hai 208.000 €, e parece ser que para o 2008 o Consorcio ten previsto cento e pico mil euros.

Don Antón Otero Domínguez, concelleiro do BNG, pregunta cales son as necesidades que se cubren en Protección Civil con este vehículo especializado, e, unha vez aprobado este crédito, se é inmediatamente executivo.

O Sr. alcalde contesta que é para substituír ao que xa existe, e a urxencia do expediente é porque está no concesionario, e cando se envíe o diñeiro se trae.

Don Antón Otero Domínguez contesta que se lle diga á Consellería de Presidencia que se atinxa aos prazos legais para non ter que andar con estas présas.

A Comisión, en votación ordinaria, por catro votos a prol correspondentes aos concelleiros do PSdeG-PSOE, PP, EU-IU e GM (PG), coa abstención do concelleiro do BNG, en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario número 1/2008 por importe de 4.665,00 euros na partida orzamentaria “300.223.750 Transferencias Comunidade Autónoma Vehículo Protección Civil”, financiada con baixa na partida “100.911.467 Consorcio As Mariñas”.

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Dada a urxencia en dispoñer dos créditos, o expediente considérase inmediatamente executivo unha vez aprobado polo pleno, sen prexuízo das reclamacións que procedan.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

3º Proposta da Alcaldía para adhesión ao convenio de colaboración entre a Asociación Española de Banca, a Confederación Española de Caixas de Aforro, a Unión Nacional de Cooperativas de crédito e a Entidade Pública Empresarial Red.es para prestación transitoria do servizo de pago telemático na Administración Pública

Vista a proposta de Alcaldía de data 25 de xaneiro de 2008.

Don Francisco Javier Varela Tejedor expón que esta proposta ven como consecuencia do proxecto Concellum que se aprobou polo pleno en novembro, xunto cos Concellos de Abegondo, Bergondo e Carral, e permite cobrar mediante medios telemáticos tributos, prezos públicos, etc. Ten un custo de 10.000 € que será sufragado polo propio proxecto Concellum. O concello non ten que poñer nada, esa cantidade asúmea o proxecto coa subvención da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial.

Don Antón Otero Domínguez, do BNG, manifesta que, segundo o informe de Secretaría-Intervención, a vixencia do convenio é improrrogable, ata o 24 de xaneiro de 2009, e

pregunta que vai pasar despois. Pregunta tamén, cando entrará en funcionamento o pago telemático, quen vai controlar ese pago telemático, quen vai velar polo bo funcionamento do servizo e, dado que a recadación municipal está delegada na Deputación, se se vai facer un cambio radical, e se a Deputación se vai adherir a este convenio.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que o proceso vaise desenvolver cos demais concellos, os sistemas de funcionamento do sistema telemático de pago serán os que se aproben polo pleno, e a diferenza de custo respecto do que subvenciona a Xunta de Galicia, o que teñen que achegar, asúmeo a Deputación. O proxecto vai ata decembro de 2008 e será despois cando se poña en marcha. En canto ao organismo de control, será a Secretaría, a Intervención e a Tesorería.

A Comisión, en votación ordinaria, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Primeiro: A adhesión ao Convenio de Colaboración entre a Asociación Española de Banca, A Confederación Española de Cajas de Ahorro, a Unión Nacional de Cooperativas, de Crédito e a Entidad Pública Empresarial Red.es para a prestación transitoria do servizo de pago telemático na Administración Pública, no modo web service con validación de firma polo organismo “Anexo II-3”, así como a aceptación de todas as condicións e termos do convenio de colaboración.

Segundo: Dar conta da adhesión ao convenio á Entidade Pública Empresarial Red.es.

4º Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos nin preguntas.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, MEDIO AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria de 27 de novembro e ordinaria de 26 de decembro

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria de 27 de novembro e ordinaria de 26 de decembro.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos cinco membros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

2º Rogos e preguntas

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 810 o 25 de xaneiro actual.

1º En escrito remitido ao concello, por “EMALCSA” do 30 de novembro pasado, onde se solicitaba a adopción de medidas para limitar o consumo de auga, motivado na seca hidrolóxica.

Pregamos nos informen das medidas adoptadas polo concello, relativas ao asunto.

O Sr. alcalde contesta que se puxeron en contacto co servizo de auga e cos técnicos para adoptar medidas ao respecto, en concreto para que se recorte o rego. Agora parece que o encoro está ao 64%.

Don Luis Miguel Taibo Casás pregunta se ten previsto facer algún bando.

O Sr. alcalde contesta que adoita facerse en primavera. Agardan directrices de Emalcsa.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que o concello debe prevelo, pois hai unha seca importante e o problema segue estando aí.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, do PSdeG-PSOE, engade que tamén se publicou unha exhortación na páxina web e púxose na prensa unha nota pedindo que se moderara o consumo de auga.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que a páxina web non chega a todos os veciños, o interesante sería publicar un bando que chegara a todos os veciños.

2º Ao noso grupo municipal chegan reiteradas queixas de veciños/-as, motivadas nos problemas que veñen sufrindo dende hai anos co servizo de subministración eléctrica nas vivendas e en establecementos, tendo que depender en moitos casos, dun xerador autónomo ante a inseguridade do servizo e as constantes baixadas de tensión.

Considera o noso grupo que o aumento do número de vivendas, debe ir acompañado dunha planificación adecuada en investimentos de servizos e infraestruturas, evitando que o problema afecte á calidade de vida dos veciños/-as.

O grupo municipal de EU-IU solicita do concello, requira a “Unión Fenosa”, para que solucione o problema de falta de potencia nas zonas do concello onde sexa necesario.

Que por parte do responsable da Concellería de Servizos, se elabore un estudo detallado do problema, posibles solucións e actuacións a levar a cabo, para evitar as continuas situacións como as que estamos a sufrir os veciños/-as de Cambre.

O Sr. alcalde contesta que tiveron unha reunión con Fenosa estes días, e presentaron uns proxectos que teñen previstos para as zonas rurais de Cambre. Concretamente, hai tres proxectos para este ano.

Hai problemas no Graxal, pois hai edificios con baixadas de tensión importantes e a partir de agora é obrigatorio meter os transformadores nos mesmos edificios que se constrúen.

Nalgúns casos están pendentes por problemas de acceso.

Inclúense obras en Sobreguexe, San Lourenzo, Andeiro, unha parte de Cecebre, Bribes e tamén a parte baixa de San Benito.

3º Nalgúns lugares do concello os colectores de recollida de lixo, atópanse mal situados, ao estar instalados diante dos pasos de peóns, impedindo a visibilidade para cruzar, o que supón un perigo constante para as persoas, especialmente para nenos/-as e persoas maiores.

Pregamos se corrixa á menor brevidade posible o seu asentamento.

O Sr. alcalde contesta que van a pasarllelo á Policía. Engade que agradece aos compañeiros que, cando vexan algún problema deste tipo, que o fagan chegar ao concello para non perder tempo.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que está de acordo. Engade que hai quince días pasoulle á policía o tema dun colector que está ao carón dun paso de peóns, o que está no

terreo da casa de don Enrique. O colector debería estar despois do paso de peóns, e pide que se repoña ao seu sitio o antes posible.

4º Resulta moi frecuente observar, que a beirarrúa existente na rúa Río Valiñas, permaneza semiatrancada por vehículos mal estacionados, dificultando a circulación dos peóns. Veciños/-as da zona manifestaron á nosa organización a súa contrariedade por este feito.

Este grupo municipal prega ao responsable que se adopten as medidas axeitadas para solucionar este problema.

O Sr. alcalde contesta que non ten coñecemento de que os veciños se teñan queixado ao respecto, pero tamén é verdade que denunciaron a moitos veciños de alí e houbo protestas. Van pedir á policía que faga un informe, ao mellor haberá que quitar unha beirarrúa para dedicala a aparcamento. Conclúe que pedirá un estudo e llo pasará.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que non se deberían eliminar as beirarrúas que son para pasear os veciños. Na explanada hai bastante aparcamento.

O Sr. alcalde responde que esa estrada non é perigosa pois é dunha dirección.

Don Luis Miguel Taibo Casás engade que haberá que seguir un criterio, pois nesa zona non se multa e noutros sitios si se multa.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 810 o 25 de xaneiro actual.

1ª Que información ou coñecemento ten o concello sobre o motivo do frecuente incumprimento dos horarios do servizo de autobús entre Cambre-A Barcala e A Coruña?

O Sr. alcalde contesta que estiveron falando con Asicasa. Hai atrasos de entre 5-6 minutos, pero parece que é debido sobre todo á intensidade do tráfico en Coruña. Hai posto outro autobús con outro chofer para suplir estas deficiencias, pero o problema é do tráfico.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que os atrasos nalgúns casos, sobrepasan os 15 minutos.

2ª Ten previsto o goberno municipal reparar as arquetas da rede de sumidoiros, que están fundidas ou rebentadas en varios lugares do concello?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que si. Encargouse á empresa que leva o mantemento que leve a cabo a reparación.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que hai dous meses que pediu a reparación dalgunha arqueta e non fixeron nada. Volverallo a dicir.

3^a Cal foi o motivo de non dar cumprimento ao acordado no pleno municipal do pasado mes de agosto, sobre o cambio de lugar do paso de peóns existente nas inmediacións de acceso á autoestrada no Temple.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que se fixo a renovación das beirarrúas en decembro, e agora, co informe da policía, farase o cambio.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, BENESTAR SOCIAL, CULTURA,
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria de 27 de novembro e ordinaria de 26 de decembro

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria de 27 de novembro e ordinaria de 26 de decembro.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos cinco membros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

2º Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos nin preguntas.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte horas e trinta minutos, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5^a do Regulamento orgánico

municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria, dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de
Presidencia, Réxime Interior, Facenda e
Promoción Económica

Presidente da Comisión Informativa de
Ordenación do Territorio, Medio Ambiente,
Obras e Servizos

Francisco Javier Varela Tejedor

Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de
Educación, Benestar Social, Cultura,
Normalización Lingüística e Participación
Cidadá

Jaime Manuel López Lisnier

A secretaria

Mª Luisa de la Red Ampudia